

MARUJA MALLO

UNHA VIAXE ESPACIAL

TALLERES PARA PERSOAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA


29 de marzo de 2017

Horario: 11:00 h, para nenos e nenas con TEA

12:30 h, para adultos con TEA

Dirixe: taller aberto

Coordinación: Virginia Villar



Con motivo do Día Internacional de Concienciación do Autismo (2 de abril) e do Día das Artes Galegas (1 de abril), o CGAC programa varios talleres en colaboración con Aspanaes (Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista).

Os talleres estarán destinados a persoas afectadas por trastornos do espectro autista (TEA) e xirarán arredor da figura de Maruja Mallo, artista coa que o CGAC abriu as súas portas en 1993 e a quen este ano a Real Academia Galega de Belas Artes lle dedica o seu día.

O colectivo taller aberto propón unha actividade didáctica e lúdica sobre a artista galega adaptada ás necesidades especiais das persoas con TEA.

Os participantes observarán, por unha banda, os procesos compositivos de fundamento xeométrico das pezas de Maruja Mallo e, por outra, temáticas recorrentes na súa obra coma o baleiro e o infinito do universo, que aborda especialmente na serie *Viajeros del éter* (Viaxeiros do éter), tamén coñecida como *Los moradores del vacío* (Os moradores do baleiro).

Realizarase un sinxelo percorrido polas diversas etapas desta artista de vangarda: o futurismo, o realismo máxico, o seu particular surrealismo e o formalismo característico das últimas obras.

Esta viaxe polo universo de Maruja Mallo abordase a partir de tarefas gráfico-plásticas. Levarase a cabo un firmamento colectivo no que se elaborarán figuras e fondo para explicitar as nocións de corpo e espazo e a creación de concepcións obxectuais propias, que xurdirán como artefactos e naves espaciais a través da xustaposición de formas xeométricas, partindo da deconstrución do repertorio formal da autora.

TALLER ABIERTO

É un colectivo que traballa en educación artístico-plástica xerando e impartindo proxectos didácticos de arte e arquitectura.

O equipo está conformado por persoas do mundo da arte, da arquitectura, da educación e das ciencias sociais.

Nos seus proxectos pretenden ensinar a mirar con novos ollos aquilo sobre o que non reparamos, a forza de velo con ollos indiferentes. Cren que con eles máis abertos poderemos gozar máis do que temos, nun tempo no que satisfacer o desexo constante de novidades se volveu imposible.

Máis información en www.tallerabierto.info.

Con motivo del Día Internacional de Concienciación del Autismo (2 de abril) y del Día de las Artes Gallegas (1 de abril), el CGAC programa varios talleres en colaboración con Aspanaes (Asociación de Padres de Personas con Trastorno del Espectro Autista).

Los talleres estarán destinados a personas afectadas por trastornos del espectro autista (TEA) y girarán alrededor de la figura de Maruja Mallo, artista con la que el CGAC abrió sus puertas en 1993 y a quien este año la Real Academia Gallega de Bellas Artes le dedica su día.

El colectivo taller abierto propone una actividad didáctica y lúdica sobre la artista gallega adaptada a las necesidades especiales de las personas con TEA.

Los participantes observarán, por una parte, los procesos compositivos de fundamento geométrico de las piezas de Maruja Mallo y, por otra, temáticas recurrentes en su obra como el vacío y el infinito del universo, que aborda especialmente en la serie *Viajeros del éter*, también conocida como *Los moradores del vacío*.

Se realizará un sencillo recorrido por las diversas etapas de esta artista de vanguardia: el futurismo, el realismo mágico, su particular surrealismo y el formalismo característico de las últimas obras.

Este viaje por el universo de Maruja Mallo se abordará a partir de tareas gráfico-plásticas. Se llevará a cabo un firmamento colectivo en el que se elaborarán figuras y fondo para explicitar las nociones de cuerpo y espacio y la creación de concepciones objetuales propias, que surgirán como artefactos y naves espaciales a través de la yuxtaposición de formas geométricas, partiendo de la deconstrucción del repertorio formal de la autora.

TALLER ABIERTO

Es un colectivo que trabaja en educación artístico-plástica generando e impartiendo proyectos didácticos de arte y arquitectura.

El equipo está conformado por personas del mundo del arte, de la arquitectura, de la educación y de las ciencias sociales.

En sus proyectos pretenden enseñar a mirar con nuevos ojos aquello en lo que no reparamos a fuerza de verlo con ojos indiferentes. Creen que con ellos más abiertos podremos disfrutar más de lo que tenemos, en un tiempo en el que satisfacer el deseo constante de novedades se ha convertido en una tarea imposible.

Máis información en www.tallerabierto.info.

CGAC

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela

Tels.: 981 546 602/31 / cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal



XUNTA
DE GALICIA

galicia